PARLAMENTO DE GALICIA

[JCCP/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do día 20 de setembro de 2024

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, o día 20 de setembro de 2024, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Noa Olalla Presas Bergantiños
(Presidenta)
Gonzalo Trenor López
(Vicepresidente)
Manuel Santos Costa
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Juan Manuel Casares Gándara
Miguel Fidalgo Iglesias
Julio García Comesaña
Patricia García González
María Dolores Hermelo Piñeiro
(en substitución de José Alberto Pazos Couñago)
Noelia Pérez López
Cristina Sanz Arias

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Ramón Tomás Fernández Alfonzo
Rosana Pérez Fernández
María Montserrat Prado Cores
(en substitución de Óscar Insua Lema)
Brais Ruanova Vilas-Boas

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
Patricia Iglesias Rey

Outros intervenientes:
Carlos López Font

Comparecente:
Directora da Axencia Tributaria de Galicia-ATRIGA

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle ao señor secretariosecretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste a Presidencia dá conta da entrada no Rexistro do documento número 11606, polo que o G.P. do Bloque Nacionalista Galego solicita o aprazamento da pregunta número 7310, aprazamento que se acepta por asentimento.

1.1 7310 (12/POC-001104)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Insua Lema, Óscar e 5 máis
Sobre a eventual licitación en 2024 do tramo Salto-Berdoias da autovía AG-55, a suficiencia da partida destinada a esta actuación e as previsións relativas á execución desta obra, así como sobre o sistema de financiamento, construción e xestión da infraestrutura
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 64, do 09.08.2024

Aprazada por petición dos seus autores (documento número 11606, que se xunta á acta como anexo).

Punto 1. Preguntas

1.2 7818 (12/POC-001332)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre os beneficios das rebaixas fiscais dos gobernos de Núñez Feijóo e Alfonso Rueda practicadas no imposto sobre o patrimonio e as consecuencias para os servizos públicos da mingua da recadación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 67, do 14.08.2024

Intervén a **señora Iglesias Rey, Patricia (S),** que procede á formulación da iniciativa, con ampliación das argumentacións expresadas por escrito e publicadas no Boletín anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a **directora da Axencia Tributaria de Galicia-ATRIGA, (Consellería de Facenda e Administración Pública), Sonia Lafont Sendino**.

Na rolda de réplica a **señora Iglesias Rey (S),** agradece a información recibida, aínda que discrepa e formula novas consideracións en base á mesma.

Pecha o debate da iniciativa a **directora da Axencia Tributaria de Galicia-ATRIGA, (Consellería de Facenda e Administración Pública), Sonia Lafont Sendino**, que

PARLAMENTO DE GALICIA

amplía os datos facilitados na súa anterior intervención e responde ás consideración plantexadas pola señora deputada.

A Presidencia agradece a presenza e colaboración da señora Lafont Sendino nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma.

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 10275 (12/PNC-000968)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Alfonzo, Ramón Tomás e 6 máis
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo en relación co conflito laboral xerado na empresa concesionaria do transporte urbano que presta servizo na comarca de Ferrol
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 78f1, do 06.09.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Fernández Alfonzo, Ramón Tomás (BNG),** que procede á defensa da proposta expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito e que están publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar o **señor López Font, Carlos (S),** para xustificar o apoio do seu grupo parlamentario á iniciativa.

Nesta mesma rolda intervén a **señora Pérez López, Noelia (P),** quen, logo de matizar moitas das afirmacións realizadas polos voceiros que a precederon no uso da palabra, motiva o rexeitamento do seu grupo á proposta de referencia.

O **señor Fernández Alfonzo, Ramón Tomás (BNG),** fai usoda rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado polo grupo da oposición, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos expostos pola voceira do grupo maioritario.

Finalmente, a Presidencia procede á votación da proposición non de lei:

2.1 10275 (12/PNC-000968), G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 7
Votos en contra: 9
Abstencións: 0

PARLAMENTO DE GALICIA

Esgotada a orde do día, a Presidencia agradece o traballo dos grupos parlamentarios e dos servizos da Cámara, e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 11:35 horas.

Noa Presas Bergantiños

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2024.10.08 12:37:22 +02'00'

V. e pr.
Noa Olalla Presas Bergantiños
Presidenta da Comisión

Manuel Santos Costa

Firmado digitalmente por Manuel Santos Costa
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Manuel Santos Costa, email=manuel.santos.costa@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2024.10.08 10:05:17 +02'00'

Manuel Santos Costa
Secretario da Comisión